



Memoria ANPA. Curso 2013-2014

- Mércanse libros para a biblioteca do centro, todos eles de lectura obrigatoria
 - Entregamos na Biblioteca Municipal unha listaxe cos libros de lectura que solicitan no Instituto, cando amplían os fondos sempre os teñen en conta
 - Colaboramos economicamente cun grupo de alumnos que presentaron en Granada un traballo de estatística.
 - A requirimento do Concello volvemos presentar toda a documentación da ANPA para continuar no rexistro de asociacións.
 - Organizamos un magosto no instituto. Mercamos, asamos e repartimos as castañas.
 - Colaboramos co Concurso de Polinomios mercando as camisetas.
 - Outro ano máis, trasladamos ao equipo directivo suxerencias dos pais para mellorar a valoración dos premios 'Estudo e Deporte'.
 - Subvencionouse o transporte nas excursións a todos os socios da ANPA como xa ven sendo habitual.
 - Aportouse a cesta de Nadal e a cesta do Entroido para as rifas da excursión de 4º de ESO e tamén se pagaron as rifas. En ningún dos casos apareceu o número premiado así que a de Nadal levouse a Cáritas e a do Entroido á Cociña Económica.
- Pedíronnos colaboración os alumnos de 1º de Bacharelato para a excursión a Portugal. Como non podemos colaborar en canta excursión fagan, decidimos que venderan as rifas do Entroido que lle sobaban aos rapaces de 4º de ESO.
- Contribuímos cos trofeos dos premios 'Estudo e Deporte' outro ano máis.
 - Temos que agradecer a África e Pilar que nos axudaran a conseguir o comedor escolar.
- Agora os alumnos do instituto poden facer uso do comedor de Unión Mugardesa. E a Juan Domingo tamén agradecemos a súas xestións na Xunta para axudar a conseguir o profesor que lle denegaron ao centro a piques de comezar o curso.
- Neste momento estamos pendentes de poñer unha tarima na aula de informática, e de colocar un pladur no salón de actos.
 - Recibimos unha subvención por parte do Concello de 953,99 € correspondente ao ano 2013. A subvención está concedida con data de 15 de setembro pero aínda non está ingresada.
 - Como ven sendo habitual, mantemos reunións mensuais co Equipo Directivo nas que nos manteñen informados da marcha do centro. Ademais trasladamos as nosas inxerencias como pais das que, estamos seguros, toman nota. Por iso, calquera suxerencia ou queixa que teñades non dubidedes en poñeres en contacto coa ANPA, podeades estar seguros que a faremos chegar.

Un saúdo

A Xunta Directiva

